



PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO  
CATALOGO DE BENS CULTURAIS

CLASE ELEMENTO:

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

F 01

TIPOLOXIA:

CASTRO


CLAVE PLANO:

2-Q

Nº FICHA:

X\_004

PLANO



DENOMINACIÓN:

Torres de Padín

PARROQUIA:

TEIS

NÚCLEO:

LOCALIZACIÓN:

Barrio da Chumba

ADSCRICIÓN:

Castrexo

COORDENADAS:

526,740; 4,678,760

CÓDIGO XACEMENTO:

GA36057004

DESCRÍPCION:

O sector NW/N/E/SE foi destruído totalmente ata o nivel de solo base e no seu lugar encóntrase hoxe un almacén de pedra, separado do resto do couto por un valado metálico. A pesar de ser escavado e de documentarse a existencia dun castro, non se aprecian estruturas visibles en superficie, a excepción de terrapléns, mellor conservados no sector occidental e que cara o leste do xacemento se atopan moi alterados. Na cima do outeiro localízanse os restos duns muros -de 1,80 m de anchura- formados por perpiñáns de granito que conforman unha estrutura cuadrangular, posiblemente a cimentación dunha torre. Os muros adéntranse cara a zona do outeiro que foi destruído e, algúns dos bloques de pedra, presentan marcas de canteiro.

En 1989 levouse a cabo unha escavación de urxencia dirixida por Hidalgo Cuñarro, na que apareceron materiais de distintas cronoloxías, desde o Bronce Final ata a Idade Media (cerámica, obxectos de bronce, etc.), depositados no museo municipal «Quirógenes de León».

A construción dun enlace da autoestrada neste lugar no ano 1994 contribuíu á alteración do xacemento.

O xacemento localízase a 109 m.s.n.m.

CATEGORÍA:

INCLUÍDO NO CATÁLOGO

AMBIENTE:

LOCAL

NIVEL PROTECCIÓN:

II-I (G.II-1); II-2 (G.II-2)

ESTADO CONSERVACIÓN:

MALO

PROPIETARIO:

MIXTA

ORDENANZA DE APLICACIÓN:

URBANO NON CONSOLIDADO

OBSERVACIÓN:

Bibliografía e documentación: Hidalgo Cuñarro 1990-1991: 193-194e 203-209; Luaces Anca e Toscano Novella 1992e 1994.

ELEMENTOS A PROTENER

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

As que establece o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que establece o nivel de protección